



## **CONVOCATORIA PRAZAS PARA DOUTORANDOS DA UDC EN GRADschools: CURSOS DE FORMACIÓN COMPETENCIAL PARA XOVES INVESTIGADORES**

A UDC, en colaboración coas universidades de Vigo e Santiago de Compostela, a Consellería de Educación da Xunta de Galicia e a Fundación BARRIE, organiza un programa de Formación en Competencias dirixido a xoves investigadores que están a realizar o seu doutoramento nas Universidades do SUG.

O formato do programa segue o modelo das GRADschools, creados no Reino Unido hai máis de 30 anos, e que constitúen hoxe unha referencia nos programas de desenvolvemento profesional para os estudantes de doutoramento das principais universidades británicas. Son cursos de 4 días deseñados para desenvolver un entorno de formación inspirador e innovador, no que se potencia a adquisición de competencias, ferramentas e información esencial para completar o doutoramento, aproveitar o potencial persoal e a toma de decisión sobre o futuro profesional.

### **DATOS DO PROGRAMA:**

- Dirixido prioritariamente a xoves investigadores que realizan a súa tese de doutoramento matriculados por primeira vez nun Programa de Doutoramento da UDC nos cursos 2011-2012 ou 2012-2013. Primaranse os solicitantes que acrediten a súa condición de bolseiro FPU, bolseiro FPI ou que posúan algún outro tipo de bolsa competitiva ou contrato con cargo a proxecto de investigación da UDC que garanta a súa continuidade nos estudos de doutoramento nos próximos anos.
- Máis información: ver <https://sites.google.com/site/investigadoresgalicia/>
- Nº de prazas: 30 (por motivos organizativos, 15 seleccionados asistirán á primeira edición do curso e os outros 15 asistirán á segunda edición do curso)

### **Datos dos Cursos:**

- Primeira edición: 30 de setembro – 3 de outubro (ambos inclusive) de 2013.
- Segunda edición: 14-17 (ambos inclusive) de outubro de 2013.
- Lugar: por determinar, unha das edicións terá lugar na provincia de Pontevedra, e a outra na provincia de A Coruña.

Os cursos impartiranse íntegramente en inglés e celebraranse en réxime de convivencia. Financiarase pola organización a manutención e o aloxamento para os asistentes no caso de que o curso se celebre nunha cidade diferente da cidade de A Coruña, e so a manutención no caso de que o curso teña lugar na cidade de A Coruña (no caso dos alumnos de doutoramento do Campus de Ferrol poderá financiarse tamén o aloxamento); o traslado ao lugar do curso non está cuberto.



### INSCRICIÓN:

- Envío da ficha adxunta ao enderezo [oficina.doutoramento@udc.es](mailto:oficina.doutoramento@udc.es) con data límite ata o **15 de setembro de 2013**, indicando no Asunto "solicitud de praza GRADschools", xunto con copia electrónica da documentación solicitada.

### AVALIACIÓN E SELECCIÓN:

- Para respectar o principio de equilibrio entre áreas e fomentar a participación interdisciplinar, elaborárase unha listaxe de admitidos por cada área de coñecemento<sup>1</sup> dos programas de doutoramento da UDC, e levarase a cabo un axuste do resultado coa finalidade de tentar manter a proporcionalidade entre o número de concesións e o número de solicitudes admitidas nas respectivas áreas de coñecemento. No caso de renuncias, os suplentes chamaranse seguindo esta prelación dentro da mesma área. No caso de que non haxa suplentes nunha determinada área, procederáase cos suplentes de áreas afíns.
- Procurárase manter o equilibrio de xénero, na medida do razoable.
- **Criterios de avaliación** (entre outros):
  - Bolseiro/a FPU, FPI ou outro tipo de bolsa competitiva: ata 2 puntos.
  - Contratado/a con cargo a proxecto de investigación da UDC: ata 1.5 puntos.
  - Acreditación coñecemento inglés: ata 1 punto según nivel que acredite.

Para asegurar un eficiente aproveitamento do curso REQUÍRESE UN NIVEL AVANZADO DE COÑECIMENTO DE INGLÉS (NIVEL B2<sup>2</sup> do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, ou equivalente). Para obter calificación neste apartado, debe adxuntarse un certificado de idiomas (ou copia do mesmo) que acredite o nivel acadado polo solicitante.

- Matriculación nun programa de doutoramento con Mención cara a Excelencia: 0.75 puntos.

---

<sup>1</sup> Área de coñecemento: Área de Ciencias, Área de Ciencias da Saúde, Área de Ciencias Sociais e Xurídicas, Área de Enxeñería e Arquitectura, ou Área de Artes e Humanidades

<sup>2</sup> B2 Level: Can understand the main ideas of complex text on both concrete and abstract topics, including technical discussions in his/her field of specialization. Can interact with a degree of fluency and spontaneity that makes regular interaction with native speakers quite possible without strain for either party. Can produce clear, detailed text on a wide range of subjects and explain a viewpoint on a topical issue giving the advantages and disadvantages of various options



## RESOLUCIÓN E PUBLICACIÓN:

- A **listaxe provisional de adxudicación de prazas** nas dúas edicións dos cursos será publicada na páxina web da UDC no seu apartado de doutoramento (<http://www.udc.es/ensino/doutoramento/Anuncios/>), o **19 de setembro de 2013**. Poderanse presentar **reclamacións** a esta listaxe provisional ata o **22 de setembro de 2013** mediante envío por correo electrónico ao enderezo [oficina.doutoramento@udc.es](mailto:oficina.doutoramento@udc.es). A **listaxe definitiva de adxudicación de prazas** publicarase na páxina web anteriormente citada, e notificarase ós candidatos/as que obtiveran praza mediante correo electrónico, o **23 de setembro de 2013**. Os candidatos/as propostos nesta listaxe definitiva deberán confirmar a súa participación nas seguintes 48 horas tras a notificación por correo electrónico mediante resposta polo mesmo medio ao enderezo [oficina.doutoramento@udc.es](mailto:oficina.doutoramento@udc.es); no caso de non facelo así, entenderase como desistida a participación no curso e procederase a chamar ó seguinte investigador por orde de prelación da mesma área de coñecemento na que houbese a baixa.